

**PLAN
DE
CONTINXENCIA
DO
CEIP PLURILINGÜE
O GRUPO**



CURSO 20-21

Segundo as directrices das

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Que no seu apartado segundo: Liñas Xerais de actuación para o curso 20-21, no apartado seis, punto un, indica:

6. Ensino non presencial

1. Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, os centros elaboraran un “Plan de Continxencia” no que se estableceran as medidas que se adoptaran no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O Plan de Continxencia do Ceip Plurilingüe O Grupo ten por finalidade establecer as medidas, organización de recursos e procedementos de comunicación para o ensino non presencial e semipresencial ao reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompida a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa, ou centro, indicada polas autoridades sanitarias competentes.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

2. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que un alumno/a do que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual : “o espazo de illamento ou espazo covid”, que está correctamente ventilado e colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao alumno/a que iniciou síntomas como ao mestre que detectou o posible caso) e tomaráselle a temperatura. A continuación contactarase coa coordinadora do espazo covid ou

outro membro do equipo covid do centro que localizará á familia e será esta quen veña recoller ao neno/a e se poña en contacto co centro de saúde a través de chamada telefónica e seguirá estrictamente as instrucións sanitarias. No espazo de illamento o mestre/a que detectou o caso seguirá as indicacións da cartelería e unha vez o neno/a sexa recollido polo adulto indicado pola familia

deberá desbotar o material de protección usado na papeleira de pedal (pechándoa con dobre bolsa) e deixar colocada outra, deberá desinfectar o material e mobiliario utilizado, ventilar abrindo totalmente a ventá, no caso de que estivera en modo batente e hixienizar as mans e colocar unha máscara limpa para continuar a xornada.

3. Diante dun suposto no que un membro do persoal docente ou non docente do que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles coa COVID-19, seguirase o mesmo protocolo anteriormente referido, agás que será o propio traballador que inicie síntomas o que debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

Centro de saúde de Ribeira
Praza dos mariñeiros s/n

15960 Ribeira

Xefe de servizo:

José Luis Gómez

Tfno: 981 87 05 50

Extensión 27 32 69 (coordinadora de enfermería - M^a Ángeles Mera Cores)

Extensión 27 32 46 (pediatra – Raquel Martínez Bugarín)

5. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

A Coruña

Cristina Pérez Fernández

Xefatura territorial

Durán Loriga, 3

15003 A Coruña

Tel: 981 15 58 61; Fax: 981155801

Teléfono fóra do horario laboral: 649 82 90 90

Epidemioloxía: 981 18 22 33

Correo-e: Xefaterritorialsanidadecoruna@sergas.es

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

No caso de que un traballador do centro docente ou persoal laboral estivera en contacto con un posible caso compatible coa COVID-19, mentras o dito caso non se confirme coma positivo asistirá ao seu posto de traballo con normalidade.

No momento en que ese posible caso sexa positivo o traballador do centro que estivera en contacto co mesmo, recibirá instrucións de confinamento por parte do SERGAS, así como a baixa médica referida a tal confinamento.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as instrucións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde

xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de tomar as medidas necesarias para paliar a expansión do gromo e da pandemia.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Con carácter xeral, o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado, titores/as e especialistas, preferentemente a través da Aula Virtual, a partires do terceiro nivel de Primaria.

En 1º e 2º de Primaria

Método alternativo á aula virtual. No 1º e 2º curso de primaria non é prescriptivo o emprego das Tics polo que a alternativa a seguir é traballar con recursos materiais e non interactivos que poderán ser recollidos do centro ou enviado segundo as circunstancias, ben sexa polas familias ou coa colaboración de axentes do concello ou persoal proposto polas administracións.

Medio de contacto. Levarase a cabo mediante dúas canles , mediante o emprego do correo electrónico ou grupos de difusión vía whatsapp. **Uso das Tics.** Debido á limitada autonomía no uso das Tics, o alumnado traballará cos recursos previamente elaborados polas mestras, preferentemente. Malia todo, neste curso contarase coa participación e axuda directa das familias: no emprego de recursos dixitais coma as videoconferencias , acceso á plataforma virtual do centro e a plataforma DRIVE. Estas últimas modalidades serán complementarias.

No caso de que non se pudiera empregar ditas ferramentas, dende o centro educativo e o concello impulsaranse medidas previsorias para reverter a fenda dixital facendo chegar axudas as familias que o necesiten en canto a equipos informáticos, ou conectividade, e así poder seguir o curso educativo cuns mínimos que garantan a igualdade e continuidade no proceso de ensinanza e

aprendizaxe

Contacto co alumnado. Realizarase unha videoconferencia semanal, mediante a aplicación WEBEX ([enlace da sala](#) , [enviada ao correo...](#)) como medio de contacto entre os compañeiros e mestre, e así reforzar os contidos que se vaian traballando.

Procedemento. Enviaranse as tarefas a desenvolver polo alumnado empregando unha imaxe do traballo feito. Personalizaranse as correccións que se fagan sobre os exercicios incidindo en aspectos a traballar ou mellorar enviando material complementario se fora necesario por mediación do centro escolar ou concello, ou as canles previstas. Realizaranse titorías telefónicas se fora necesario ou si se requiren.

En Infantil:

Partirase dos bloques de contidos para traballar de maneira globalizada tódolos aspectos do curriculum baixo o prisma do **proxecto de centro** que este curso levo por título: “**Xentes que ollan**”, co obxectivo de iniciar un novo itinerario, buscando estratexias didácticas que nos fagan centrala mirada nas necesidades do noso alumnado.

O equipo de educación infantill logo de facer unha avaliación do traballo durante o confinamento no curso pasado, seguimos apostando por seguir a mesma liña no caso de que o de que actividade lectiva non sexa presencial. Acordamos achegar propostas de traballo ás familias a través de Abalar ou ben do correo electrónico, para facer máis accesible o achegamento aos pais e nais, pois detectamos que os avisos por abalar foron recibidos case pola totalidade do alumnado de infantil. No caso de que haxa familias que non poidan acceder por calquera destas dúas vías, faríase o envío das mesmas por correo ordinario cunha periodicidade sería semanal ou quincenal. Descartamos a idea do uso da aula virtual debido á idade do alumnado.

Cada titora detectará na súa aula, se fose necesario achegar algún tipo de material funxible, contos... e entregaríase o lote ao alumnado que o precise.

Atendendo ás neae, acordamos apoiarnos ao igual que o curso pasado con vídeoconferencias.

A partires de 3º de Primaria

Con carácter xeral empregárase a Aula Virtual do centro.

Tamén se empregarán a plataforma Edixgal para o alumnado de 5º e 6º de

Primaria.

O alumnado de 3º de Primaria tamén empregará a plataforma virtual da editorial Vicens-Vives.

O profesorado realizará o seguemento do alumnado impartindo os contidos das materias de xeito virtual empregando contidos proporcionados pola Consellería, os disponibles nas plataformas ou ben achegados / elaborados polo propio mestre/a. Igualmente o profesorado poñerá tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia e permitan a avaliación continua da mesma. Estes contidos estarán aloxados na aula virtual do centro e disponibles para o alumnado en todo momento (ensino semipresencial ou non presencial). Tamén estarán aloxadas as tarefas a realizar de xeito on line e facer entrega aos respectivos mestres e mestras tamén de xeito telemático. De tal xeito que permita a corrección, seguemento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

As tarefas e o traballo de estudo deben de estar planificados para a realización diaria, do mesmo xeito que si o alumnado tivera ensino presencial no centro, para axudarlles ao alumnado e as familias a facelo de maneira organizada e planificada e , á súa vez permita aos mestres e mestras facer o seguimento diario do mesmo. Este seguemento tamén será levado a cabo pola nosa inspectora de zona que terá acceso total á aula virtual do centro.

O equipo COVID do centro fará rexistro do alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento, segundo rexistro feito polos respectivos titores ao principio de curso, para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

HORARIOS PARA O ENSINO TELEMÁTICO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

3º A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	LCAS Traballo autónomo	L.CAS Traballo autónomo	MAT Traballo autónomo	Sociais Traballo autónomo	Sociais 1 h
9:50-10:40	L. CAS 1 h	E.F. Traballo autónomo	Inglés 1 h	E.F. 1 h	Sociais 1 h
10:40-11:30	MAT Traballo autónomo	L. CAS 1 h	Mates 1 h	Plástica 30'	Inglés 1 h
11:30-11:55	RECREO				
12:00-12:25	PLAN LECTOR				
12:20-13:10	MATE 1 h	Valores/Relix. 30'	Naturais Traballo autónomo	L.GAL 1 h	L.GAL 1 h
13:10-14:00	Inglés Traballo autónomo	Naturais 1 h	Música 30'	L.GAL Traballo autónomo	L.GAL Traballo autónomo

Titoría pais
16:00 – 17:00

<p style="color: blue; font-weight: bold;">Docencia directa con Webex 60%</p> <p style="font-weight: bold;">Traballo autónomo 40%</p> <p style="color: orange; font-weight: bold;">Titoría con pais</p> <p style="color: red; font-weight: bold;">Especialistas</p> <p style="color: grey;">Blanco Especialistas</p>
--

Docencia: 60%	2 h 30'	2 h 30'	2 h 30'	2 h 30'	2 h 30'
Práctica: 40 %	1 h 40'	1 h 40'	1 h 40'	1 h 40'	1 h 40'

3ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	MATES	LENGUA	LINGUA	E.F (30´) E.F (20´)	LINGUA
9:50-10:40	MATES (25´) MATES (25´)	LENGUA (25´) LENGUA (25´)	RELI (30´)/ VALORES (30´) RELI (20´)/ VALORES (20´)	MATES	INGLÉS
10:40-11:30	LINGUA	E.F (30´) E.F (20´)	INGLÉS	MATES (25´) MATES (25´)	LINGUA
11:30-11:55	RECREO				
12:00-12:25	PLAN LECTOR				
12:20-13:10	TITORÍA INGLÉS	PLÁSTICA (30´) PLÁSTICA (20´)	SOCIAIS	LENGUA	NATURAIS
13:10-14:00	SOCIAIS	MÚSICA (30´) MÚSICA (20´)	SOCIAIS	LENGUA (25´) LENGUA (25´)	NATURAIS (10´) NATURAIS (40´)

***SESIÓNS DE TRABALLO CON CONEXIÓN DIRECTA A TRAVÉS DA WEBEX COA MESTRA.**

***SESIÓNS DE TRABALLO AUTÓNOMO SEN CONEXIÓN DIRECTA.**

4ª A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Naturais 40'	Lengua 40'	Lengua 40'	Lingua 40'	Inglés Traballo autónomo
9:50-10:40	Inglés 50'	L.CAST Traballo autónomo	L.CAST Traballo autónomo	L.G. Traballo autónomo	Sociais. 30'
10:40-11:30	Ed.Física Traballo autónomo	Plástica 30'	L.C.	Música 30'	Ed.Fisca 50'
11:30-11:55	RECREO				
12:00-12:25	PLAN LECTOR				
12:20-13:10	ALT./CAT./EV. 30'	Matemáticas 40'	Matemáticas 40'	Inglés 50'	Lingua 40'
13:10-14:00	Naturais Traballo autónomo	Matemáticas Traballo autónomo	Matemáticas Traballo autónomo	Sociais Traballo autónomo	L.G. Traballo autónomo

HORAS DE DOCENCIA DIRECTA A TRAVÉS DA PLATAFORMA WEBEX
HORAS DE TRABALLO PERSOAL DE CLASE DO ALUMNADO 40%
TUTORÍAS CON PAIS/NAIS: MARTES DE 16:00 A 17:00

4ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Matemáticas (50min de clase virtual)	Inglés Traballo autónomo	Lingua Galega (50 min de clase virtual)	Matemáticas (50 min de clase virtual)	Naturais (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)
9:50-10:40	Lengua Castellana (50 min de clase virtual)	Plast (Carmen 30 min)	Lengua Castellana (50 min de clase virtual)	Sociais (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	EF 50 min de clase virtual)
10:40-11:30	Inglés (50 min de clase virtual)	Matemáticas (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	Naturais (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	Inglés (50 min de clase virtual)	Relixion 30 min
11:30-11:55	RECREO				
12:00-12:25	PLAN LECTOR				
12:20-13:10	Sociais (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	Lengua Castellana (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	EF <u>Traballo autónomo</u>	Lingua Galega (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)	Lingua Galega (30 min de clase virtual; <u>20 min de traballo autónomo</u>)
13:10-14:00	<u>Traballo autónomo</u>	<u>Traballo autónomo</u>	<u>Traballo autónomo</u>	Titorías para alumnado; nais e pais.	Música (30 min)

- Na hora de traballo autónomo o alumnado non ten que estar conectado a ningunha reunión pero si deberá facer as tarefas que o titor envía para a súa posterior corrección (por mail, ou por videoconferencia).

5ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Matemáticas 30' conexión telemática	Matemáticas 30' conexión telemática	L. galega PT 30' conexión telemática	L. castelá 30' conexión telemática	Matemáticas 30' conexión telemática
9:50-10:40	Matemáticas	Inglés 45' conexión telemática	L. galega	L. castelá	Art
10:40-11:30	Música	L. castellana	E.F Traballo autónomo	Inglés 45' conexión telemática	Matemáticas
11:30-11:55	RECREO				
12:00-12:25	PLAN LECTOR				
12:20-13:10	Inglés Traballo autónomo	C. da natureza 30' conexión telemática	Sociais 30' conexión telemática	E.F 30' conexión telemática	Relixión/valores 30' conexión telemática
13:10-14:00	L. galega PT	C. da natureza	Sociais	L. galega	L. castellana PT

As primeiras sesións estarán adicadas a explicar telemáticamente as tarefas a realizar diariamente polo alumnado así como a resolver as dúbidas que poidan xurdir, de igual xeito serán telemáticas as sesións do martes e o mércores despois do recreo para facer as explicacións oportunas relativas ás materias de ciencias da natureza e sociais. No resto das sesións o alumnado traballará de forma autónoma enviando as tarefas pola plataforma E-Dixgal para a súa corrección. O alumnado con apoio de PT manterá as sesións que xa estaban establecidas coa especialista, de xeito telemático.

5ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	MAT.	MAT.	MAT.	MAT.	Titoría Alumnos
9:50 10:40	E. F Titoría familias	L. GALEGA	L. GALEGA	INGLÉS 45min.	L. CASTELÁ
10:40 11:30	L. GALEGA	INGLÉS 45min	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ
11:30 12:00	RECREO				
12:00 12:30	PLAN LECTOR				
12:30 13:10	C.SOCIAIS	C.SOCIAIS	C. DA NATUREZA	L. CASTELÁ	INGLES Traballo autónomo
13:10 14:00	MÚSICA 30min.	PLÁSTICA 15min.	ALT.//REL.	E. FÍSICA 50min.	C. DA NATUREZA

Conexión vía plataformas institucionais durante toda a sesión. Traballo en tempo real con pizarra dixital colaborativa en tableta e computador E-Dixgal.

5°C	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Inglés Traballo autónomo	Mates	Inglés 45' telemática	Mates	Mates
9:50-10:40	Mates	Lingua	Mates	Art 30' telemático 20' Traballo autónomo	Lengua
10:40-11:30	Lingua	Lengua	Lingua	EF 45' telemático	C. Naturais.
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:15 12:15-12:30	PLAN LECTOR				
12:30-13.10	EF Traballo autónomo	Música 30' telemático 20' Traballo autónomo	Lengua	Lingua	Inglés 45' telemática
13:10-14:00	Sociais	Sociais	C. da Natureza.	Lengua	Rel.Cat./Valores 30' telemát

Na clase de Art, a conexión será de 15', o tempo necesario para dar as instrucións correspondentes.

Nas horas de clase de 5° C, o tempo de conexión será o necesario para dar as explicacións pertinentes nas diferentes materias. Terase en conta os problemas de conectividade e dificultades que xurdan.

As videoconferencias levaranse a cabo co servizo " Falemos" de Jitsi.

A videochamada permanecerá aberta toda a mañá, o alumnado poderá desconectarse cando o mestre llo permita.No caso de precisalo, o alumnado poderá volver a conectarse nesa mesma sesión para solventar dúbidas. O desenvolvemento das clases será conducido á maneira tradicional (explicación e tarefas)

Intentarase que o proceso sexa o máis parecido ao presencial.

O horario de atención ás familias continuará sendo o mesmo(Martes 17:00-18:00.

Previa cita) mediante a plataforma " Falemos " De Jitsi.

6º A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	MAT. (45 min.)	MAT. (45 min.)	RELIXIÓN (30 min.)	MAT. Traballo autónomo	MAT. (45 min.)
9:50 10:40	INGLÉS (50 min.)	MAT. Traballo autónomo	L.C (45 min.)	L.G (30min.)	L.G (30 min.)
10:40 11:30	L.C (45 min.)	MÚSICA (30 MIN)	L.G (30 min.)	L.G Traballo autónomo	INGLÉS (50 min.)
11:30 12:00	RECREO				
12:00 12:30	PLAN LECTOR				
12:30 13:10	L.C Traballo autónomo	INGLÉS Traballo autónomo	C.N (50min.)	CC.SS (45min.)	PLÁSTICA (30 min)
13:10 14:00	E.F	CC.SS (45min.)	E.F (50 min.) Titoría familias	C.N Traballo autónomo	C.C.SS Traballo autónomo

As sesións de traballo directo co alumnado faranse a través da plataforma Webex.

6º B	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	MAT. (45 min.)	RELIXIÓN (30 min.)	MAT. (45 min.)	MAT. Traballo autónomo	MAT. (45 min.)
9:50 10:40	MAT. Traballo autónomo	L.C (45 min.)	L.G (30 min.)	L.C (45 min.)	INGLÉS (45 min.)
10:40 11:30	INGLÉS (45 min.)	L.C Traballo autónomo	L.G Traballo autónomo	L.G (30min.)	L.G (30 min.)
11:30 12:00	RECREO				
12:00 12:30	PLAN LECTOR				
12:30 13:10	MÚSICA (30 min.)	C.C.SS Traballo autónomo	C.N (60 min.)	INGLÉS Traballo autónomo	E.F (50min.) Titoría familias
13:10 14:00	CC.SS (45min.)	E.F Traballo autónomo	C.N Traballo autónomo	CC.SS (45min.)	PLÁSTICA (15 min)

A atención directa co alumnado farase a través da plataforma Webex.

MEDIDAS XERAIS

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

-O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

- O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención será apoiada polos equipos do CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

- Durante o tempo de peche ou confinamento o profesorado poderá atender as súas funcións lectivas e organizativas desde o seu domicilio, nos termos establecidos na normativa vixente. No caso de non serlle posible o desenvolvemento das súas tarefas por falta de medios materiais como ordenador ou conexión, deberá desprazarse ao centro educativo para completar as súas tarefas dado o seu carácter de persoal esencial, nos termos establecidos pola normativa vixente.

-Previo a unha situación de peche o profesorado terá habilitado na Aula Virtual do centro e/ou na Plataforma Edixgal os contidos, recursos e as actividades iniciais a partir de terceiro de primaria e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Con carácter xeral e, desde logo durante a situación de confinamento, para garantir a coherencia, operatividade e xestión de datos persoais, non será posible a utilización de ferramentas non corporativas. Todos os servizos dispoñibles poden atoparse en : <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>.

-Todos os contidos imprescindibles teñen que estar aloxados na Aula Virtual e /ou plataforma Edixgal do centro, para que todo o alumnado teña acceso a eles desde calquera dispositivo, de xeito telemático, que garanta as aprendizaxes básicas.

-As tarefas estarán programadas e aloxadas nas plataformas virtuais corporativas, de xeito que un alumno ou alumna que non poda asistir ao colexio, poda realizar o traballo diario de xeito telemático.

-A entrega de tarefas tamén se fará de xeito telemático, para que os mestres e mestras podan facer rexistro e facer avaliación continua do proceso de aprendizaxe. Deste xeito o alumnado recibirá a corrección das tarefas e as

aclaracións necesarias para resolver dúbidas ou erros cometidos.

-Cando un/unha docente do centro se atope de baixa no confinamento ou peche, o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /EDIXGAL porá a disposición do alumnado e as familias que corresponda o banco inicial de actividades para que o alumnado non vexa interrompido o seu proceso educativo ata a incorporación do docente ou a súa substitución.

-Contacto semanal co alumnado de xeito coordinado entre especialistas e titores para evitar unha sobrecarga de traballo, polo tanto é imprescindible a coordinación entre o profesorado que imparte clase nun grupo. Farase a través de videoconferencia empregando a ferramenta Webex proporcionada pola consellería, para garantir a protección de datos do alumnado.

3.ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS EDUCATIVOS DE APOIO Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

En canto á Atención á Diversidade empregaranse as mesmas aplicacións adaptando os contidos a través das docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe consensuados cos respectivos titores e titoras, e coordinados pola orientadora do centro. Faránselle chegar tamén materiais específicos manipulativo, ben a través dos titores legais ou de persoal voluntario do concello, segundo as circunstancias da pandemia. Potenciaranse os contactos periódicos co alumnado, a través de videoconferencias, de cara a evitar, no posible, a desvinculación cos seus docentes.

4.PROCEDEMENTOS DE COMUNICACIÓN ALUMNADO-FAMILIA-DOCENTES

Empregaremos, as seguintes aplicacións:

- Plataformas Webex e Falemos
- Espazo Abalar.
- Mensaxería da Aula Virtual.
- Mensaxería da Plataforma Edixgal.
- Correo electrónico.
- Aulas Dixitais das Editoriais.
- Información xeral a través da web do centro.

5.MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

En Ribeira, a 10 de setembro de 2020.



Asdo: Mª Nieves Lampón González